


# Un pobo vivo no seu portal



Begonte convírtese nestas datas nun pobo vivo

Aep

## Belén no mundo

X. L. O. C.

Cómpre lembrar pois, que Begonte a través do seu belén electrónico tráenos ós mentos os lugares da xeografía mundial que en se posúen o topónimo de Belén, e dese xeito xurdiu esta escolma: Belén na parroquia de Castelo en Cervo e Belén na parroquia de Santa Cristina de Fecha en San Iago no tocante a Galicia; en Terra Santa está Belén de Xudea, e en

Sudamérica hai Belén en Paraguai, Belén de Sensenti e de Gracias en Honduras, e xa coma algo excepcional citámo-lo hidrotopónimo de Belén en Catamarca na Arxentina e do que Montaner e Simón nos dín: "Los pobladores de Belén no son propietarios del suelo en el que han edificado sus casas, sino sólo enfiteutas que están obligados a pagar un canon de dos pesos por cuadra cuadrada a la iglesia de Belén. Dicho

canon ha sido cobrado religiosamente durante los dos siglos transcurridos desde la fundación, y es probable que este hecho sea único en su género en la República de Argentina".

R. Barcia fainos saber que a palabra Belén refirese a un sitio onde hai moita confusión e á confusión mesma; de aí naceu a frase "estar en Belén" que equivale á connotación de "estar embobado, en babia".

O Nadal voltou de novo ata os pobos vivos, nos que as persoas senten ledicia e teñen celebracións en familia, nos que hai familiaridade e convivencia sen envexa, nos que os animais se respetan e viven calmos nas súas couvas e nos que as sociedades cada vez senten máis o seu acaroo, o seu mérito, o seu senso e a súa tenreza.

Viven os lares o seu esperado momento do herdo, con laudes, con gabanzas, con agasallos, con viandas e con sorpresas aveciñadas. Rube a valía, todo ten paz e calma. Chegan as xeadas, as augas, as friaxes e as neves ata cada casa, ata cada cabana, e ata cada xermolo que latexante canta.

Aparecen as rúas do nadal, as ledicias do nadad, as lambe-tadas do nadal, as larpeiradas do lar, as ilusións e as noites lumías do portal.

Chegan os beléns nacentes, os beléns vivos, os beléns entre figuras feitas polos artesáns, os beléns con luces, cantos, adoracións, pregos, louvos e ofrecementos que se lle adican: "o Rei dos humanos".

Belén, un lugar símbolo que se fita na historia coma un chanto imperecedero e no que xermola a vida, a ilusión, a nacencia, a liberdade, a paz, o perdón, a tranquilidade e a paixón de cada nacente ser. Mítico lugar onde xace o valor, a dor, o alén e o noso postreiro don.

Cada lar, lugar, vila, pobo, cidade e nación tras nación celebra con algarabía as feituras do seu más representativo Belén. Belén, lugar da ubicación do portal onde nace "O neno Rei", cos seus elementos característicos e antergos de natalidade e coma un lembro universal á vida, e á creación que ben poderíamos expresar con este amosego poético...

Noite de paixón sen luces [brancas

estrelecida en se coma unha [rosa; que se ceiba en torno ós [xornais e preto da esperanza que [sinala a volta á xuntanza, á vida e á [paz].

Begonte convértese nestas datas nun deses pobos vivos, nun pobo que endexamais se amuruxa e nun pobo do que brincan os primeiros alpuricios de ledentia; tal vez o de correr lle siga deixando o seu rastro de pobo vítico e de vila triunfalista, de non ser así, sempre tería pendurado sobre o seu ceo unha fermosa estrela para o seu relembro. Con todo, quedan ainda pobos esquecidos no transcurso da humanidade, pero Curros vai ser quen os eternice e lembre no seu copleiro, cantar que moi ben pode recolle-lo sentir vilego de Begonte o os seus e que dí:

"¡Ai, dos que levan na frente [unha estrela!

Ai, dos que levan no bico un [cantar!"

Obrigado lle tería que resultar ó viandante da estrada Nacional Sexta que vindo da provincia da Coruña se adentran na de Lugo a través do concello de Guitiriz, e logo ata Baamonde xa para de seguido percorre-lo terruño Begontián, mesmo entre os lindes miñotos coas súas paraxes fluviais e cos seus apousos estiais de pesca e lecer, e por entre o pobo no que se apouvia un dos más engraximados beléns electrónicos do solo ibérico.

Begonte noutrora terra do vivaz belén viviente pasou a ser modernamente a lumiada vila do acouve electrónico do Nadal.

O seu Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán sabe anada tras anada artellar un entremado de multitudinarias pezas que talmente nos traen ós sisos ó mesmo Belén de Xudea, xatán só, podo dicir que os begontiños realizan coas súas ávidas mentes e coas súas trafegosas mans unha extraordinaria laboura cívica e universal.